

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE ABRIL DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de abril de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de

Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 3 de abril de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Ganadería Roxelo S.C.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 2 de febreiro de 2024 (RE-E núm. 55), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GANADERÍA ROXELO S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE PESCOSE, PARROQUIA DE SANTA MARIÑA DE PESCOSE
REPRESENTANTE	JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ MOURE
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN DE VALADO FIXO
LUGAR	PESCOSE
PARROQUIA	SANTA MARIÑA DE PESCOSE
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
REFª CATASTRAL PARCELAS	36047A028000940000PD 36047A028000990000PS 36047A028001530000PO
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	NON
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	2.542,50 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	ATA O DÍA 31 DE DECEMBRO DE 2024
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 03/04/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CINCUENTA EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (50,85 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 18 de marzo de 2024 (RE-E núm. 148), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	AMPLIACIÓN DE POTENCIA DO CT ÁLCEME (36CBR8) CON APM: 2009/256 E RBTS
LUGAR	A LATIZA

PARROQUIA	ÁLCEME
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL INMOBLE E PARCELA	001000700NH82A0001UI (CT) 36047A078000480000PY (RBTS)
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Separata de proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 07/06/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	52.533,02 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 04/04/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- A eficacia da comunicación queda condicionada ao cumprimento dos condicionantes esixidos polos organismos con competencias sectoriais que emitiron autorizacións e/ou informes no expediente e que deseguido se enumeran:

- ✓ Autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra, de data 21/12/23 (expediente núm. [REDACTED]).
- ✓ Autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en Pontevedra, de data 18/12/23 (expediente núm. [REDACTED]).

- ✓ Autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación en Pontevedra, de data 10/11/23 (expediente núm. [REDACTED]).

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de MIL CINCUENTA EUROS CONN SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.050,66 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMIENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DO INTERESADO

— Roberto José Lorenzo Carral

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente ([REDACTED]) iniciado a instancia de parte:

- Solicitud de título habilitante en materia urbanística para a execución de obras de “AMPLIACIÓN DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO EN CUBERTA DE NAVE GANDEIRA”, no lugar de Carboentes, parroquia de Carboentes, instada por Ecogal Energías Renovables S.L., na representación de Don ROBERTO JOSÉ LORENZO CARRAL,

con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Carboentes, parroquia de Carboentes, con data 19 de marzo de 2024 (RE-E núm. 151).

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado pola representación do interesado con data 5 de abril de 2024 (RE-E núm. 184).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistido a Don ROBERTO JOSÉ LORENZO CARRAL do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

4.- CONTRATACIÓN DE CATRO (4) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de catro postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2024.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de peón/a de obras públicas (RS núm. 196, do 05/03/24). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Peón/a de obras públicas (oferta núm [REDACTED])

- Andrada Larrosa, Carlos Alberto
- Arias Fernández, Daniel
- Carral Viana, Jesús
- Carreira Varela, Laura
- Fafián Diéguez, Mónica
- Fernández Álvarez, Lourdes
- Fernández Fernández, José
- Fernández Cidre, Carlos
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria
- Graine, Mohammed
- Jorge Bernárdez, José
- Ledo Lamas, Luís
- Losada Blanco, María Carmen
- Martínez Estévez, Mercedes
- Míguez Salina, José David
- Sadoviyak Diéguez, Carlos Gabriel
- Sobrado Sánchez, María Jesús
- Sousa García, Cándida
- Toubes Pereira, Daniel
- Vázquez Senra, Iván

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- SOUSA GARCÍA, CÁNDIDA (R.E. núm. 2024 E-RC-392, do 26.03.2024)
- FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, LOURDES (R.E. núm. 2024 E-RC-393, do 26.03.2024)
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ (R.E. núm. 2024 E-RC-394, do 26.03.2024)
- FAFIÁN DIÉGUEZ, MÓNICA (R.E. núm. 2024 E-RC-395, do 26.03.2024)
- SADOVIK DIÉGUEZ, CARLOS GABRIEL (R.E. núm. 2024 E-RC-396, do 26.03.2024)
- MÍGUEZ SALINA, JOSÉ DAVID (R.E. núm. 2024 E-RC-397, do 26.03.2024)
- ARIAS FERNÁNDEZ, DANIEL (R.E. núm. 2024 E-RC-398, do 26.03.2024)
- ANDRADA LARROSA, CARLOS ALBERTO (R.E. núm. 2024 E-RC-399, do 26.03.2024)
- TOUBES PEREIRA, DANIEL (R.E. núm. 2024 E-RC-400, do 26.03.2023)
- CARRAL VIANA, JESÚS (R.E. núm. 2024 E-RC-402, do 26.03.2024)
- FERNÁNDEZ CIDRE, CARLOS (R.E. núm. 2024 E-RC-403, do 26.03.2024)
- LOSADA BLANDO, MARIA CARMEN (R.E. núm. 2024 E-RC-412, do 27.03.2024)

Por Resolución da Alcaldía de data 02/04/24 todos/as os/as presentados foron admitidos/as ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 5 e 9 de abril do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO/A	PROBA PRÁCTICA	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
ANDRADA LARROSA, CARLOS ALBERTO	0,00	1,40	1,40
ARIAS FERNÁNDEZ, DANIEL	7,33	2,80	10,13
CARRAL VIANA, JESÚS	0,00	1,20	1,20
FAFIÁN DIÉGUEZ, MÓNICA	11,33	0,60	11,93
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, LOURDES	7,00	1,00	8,00
FERNÁNDEZ CIDRE, CARLOS	0,00	0,00	0,00
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ	7,66	1,60	9,26
LOSADA BLANCO, MARÍA CARMEN	0,00	2,75	2,75
MÍGUEZ SALINA, JOSÉ DAVID	8,33	0,30	8,63
SADOVIK DIÉGUEZ, CARLOS GABRIEL	9,00	0,30	9,30
SOUSA GARCÍA, CÁNDIDA	8,33	3,50	11,83
TOUBES PEREIRA, DANIEL	9,00	4,20	13,20

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor dos/as seguintes tres candidatos/as que obtiveron a maior puntuación no proceso selectivo: Daniel Toubes Pereira, Mónica Fafián Diéguez, Cándida Sousa García e Daniel Arias Fernández.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal cualificador e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de seis meses e dezasete días, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Peón/a de obras públicas

NOME E APELIDOS	DNI
DANIEL TOUBES PEREIRA	██████████
MÓNICA FAFIÁN DIÉGUEZ	██████████
CÁNDIDA SOUSA GARCÍA	██████████
DANIEL ARIAS FERNÁNDEZ	██████████

RESERVAS (por orde de preferencia):

Carlos Gabriel Sadoviak Diéguez
José Fernández Fernández
José David Míguez Salina
Lourdes Fernández Álvarez
María Carmen Losada Blanco
Carlos Alberto Andrada Larrosa
Jesús Carral Viana
Carlos Fernández Cidre

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA EFECTUAR PROPOSTA DE PERSOA IDÓNEA PARA DESEMPEÑAR AS FUNCIÓNS DE SECRETARIO/A DO XULGADO DE PAZ DE RODEIRO

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Secretaría do Xulgado de Paz de Rodeiro, que inclúe as funcións de Rexistro Civil, vén sendo desempeñada nos últimos anos polo funcionario, coa categoría de administrativo C1, Don Francisco Javier Lamazares García, función que acumula con outras de competencia municipal propias da praza que ocupa.

Segundo.- Dito funcionario ten manifestado ao Concello en varias ocasións, a última en data 5 de xaneiro de 2024 (RE núm. 28), a necesidade de adaptación das funcións que desempeña por motivos de saúde acreditados.

Terceiro.- O Concello considera que entre as funcións que desempeña como funcionario debe prevalecer á atención daquelas que corresponden a competencias propias municipais tales como urbanismo, padrón de habitantes, rexistro, entre outras. Pola contra, as funcións da Secretaría do Xulgado de Paz poden ser legalmente desempeñadas por outra persoa idónea que, a proposta do Concello, designe a Xunta de Galicia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 50.3 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial dispón textualmente: *“Nos demais Xulgados de Paz, o Concello nomeará unha persoa idónea para o desempeño da Secretaría e comunicará ao Ministerio de Xustiza para a súa aprobación”*.

Segundo.- Tendo a Comunidade Autónoma de Galicia transferidas as competencias de xustiza, o órgano competente para a aprobación será a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Efectuar convocatoria pública para a selección de persoa idónea para desempeñar as funcións de Secretario/a do Xulgado de Paz de Rodeiro.

Segundo.- Establécense os seguintes requisitos para optar a dita selección:

- ✓ Maior de idade e veciño/a de Rodeiro.
- ✓ Acreditar formación mínima de bachiller ou equivalente.
- ✓ Disponibilidade para a atención ao público, preferentemente en horario de mañá.
- ✓ Non estar incurso/a en causa de incapacidade e/ou incompatibilidade para o desempeño de funcións públicas

Terceiro.- Abrir un prazo de presentación de solicitudes polo espazo de sete (7) días naturais mediante anuncio nos taboleiros de anuncios da Casa do Concello e da sede electrónica municipal para que os/as interesados/as presenten a súa solicitude, acompañada do seu DNI e *curriculum vitae*, así como da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos.

Cuarto.- A persoa seleccionada non terá relación de servizo algunha co Concello e percibirá unicamente a gratificación que para dito desempeño establece anualmente o Ministerio de Xustiza.

Quinto.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Concello proporá de xeito discrecional á persoa que considere idónea para exercer ditas funcións ante o organismo competente da Xunta de Galicia para a súa aprobación, se procede.

6.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Andrés Saa Rubines

VISTA a instancia presentada por Don ANDRÉS SAA RUBINES, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Vilela, parroquia de Vilela (RE núm. 808, do 16/05/23), pola que solicita a instalación dun novo punto de alumeadado público no dito lugar para dar servizo á vivenda unifamiliar de nova construción da súa propiedade que goza de licenza municipal de obras outorgada por

acordo deste órgano de data 06/07/22. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda informar de xeito favorable a súa solicitude e dispoñer a instalación dun novo punto de alumeado na vía pública para dotar de dito servizo á nova vivenda construída.

7.- VENDA DE EFECTOS INÚTILES

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da existencia de dous antigos puntos de alumeado depositados ao carón da rúa D de Rodeiro que resulta conveniente retirar. Propón a venda de dito material desbotado a un interesado na súa recuperación e posta en valor para, por unha parte obter un pequeno rendemento económico da transacción, e pola outra evitar o custe que para o Concello tería o transporte de dito material a un xestor autorizado.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co previsto na Base de Execución 28ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o ano 2024, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar a venda de dúas farolas desbotadas de alumeado público depositadas ao carón da rúa D de Rodeiro a Don José Fernández López, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Pontevedra, polo prezo de TRESCENTOS CINCUENTA EUROS (350,00 €), correndo a costa do comprador o seu transporte.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 175,91 €
Por subministro de cartuchos de tinta para impresoras, s/factura núm. 24A/468 (FACe).

- FERRODEIRO S.L. 1.309,00 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 000809.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 72,49 € E 15,28 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de marzo de 2024, s/facturas núm. 4003951506 e 4003956537 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 460,34 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 352.
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.250,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2024*” no mes de marzo de 2024, s/factura núm. 0024/0000008 (FACe).
- GEMAGAR GALICIA S.L. 800,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Entroido 2024*”, s/factura núm. 0024/0000010 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.505,75 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de marzo de 2024, s/factura núm. A/47 (FACe).
- RECAMBIOS J&J S.C. 33,86 €
Por subministro de diversos repostos ara vehículos municipais, s/factura núm. A/205.
- FERRODEIRO S.L. 528,92 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000808.

- FELIPE LÓPEZ CORRAL 2.268,75 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 857.
- PABLO GARCÍA PAIS 327,02 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. 2024-0028.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 435,60 €
Por traballos de reparación de avaría no abastecemento de auga do lugar de Arcas, s/factura núm. 854.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.333,38 €
Por subministro de combustible aos camiións de recollida do lixo no mes de marzo de 2023, s/factura núm. FA – 625.
- FERRODEIRO S.L. 50,00 €
Por canxe de vale de compra de premiada no concurso de decoración do Nadal, s/factura núm. 000815.
- ÓSCAR TORREIRO SOBRADO 100,00 €
Por canxe de vale de compra de premiada no concurso de decoración do Nadal, s/factura núm. 12.
- MÁIS ESCOLA S.L. 1.402,29 €, 1.634,71 € E 1.634,71 €
Por prestación do servizo de monitor do ximnasio municipal nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2024, s/facturas núm. 689, 708 e 718 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)